



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN,
CIENCIA, UNIVERSIDADES E
FORMACIÓN PROFESIONAL



FORMACIÓN
PROFESIONAL

A programación nas ensinanzas de FP en PROENS

Setembro de 2025



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN,
CIENCIA, UNIVERSIDADES E
FORMACIÓN PROFESIONAL



FORMACIÓN
PROFESIONAL


INTRODUCCIÓN

PROENS

- **Xestión de múltiples versións de currículo.** Permite traballar con varias versións do currículo dun módulo, podendo adaptarse ás actualizacións curriculares.
- **Diversos tipos de programacións.** Programación de aula e programacións de empresa (inclúe os RA que se compartirán total ou parcialmente entre o centro educativo e a empresa). A programación de empresa pode ser a mesma para todo o grupo ou distinta para diversos grupos de alumnado ou incluso individual.
- **Plan de formación na empresa.** A partir da programación de empresa de cada módulo, na aplicación FCT obtérase o Plan de Formación do alumnado recollendo unicamente os RA que cada docente asignou en PROENS. Na aplicación de FCT poderase engadir novos RA doutros módulos.
- **Estrutura máis moderna, flexible e con maior accesibilidade.** Máis adaptable, con cambios máis fáciles e rápidos de implementar.
- **Maior facilidade para realizar a supervisión.** Unha única aplicación para todos os niveis educativos facilita ao equipo directivo e a inspección a función de supervisión.

PROENS

- **Validacións parciais.** Permite validar apartados individuais, mostrando listados de erros específicos cando a validación non é correcta.
- **Creación automática de programacións tipo.** Posibilidade de crear automaticamente unha unidade didáctica por cada RA do módulo, facilitando a transición desde a antiga aplicación de programacións.
- **Avaliación de pendentes.** Incorpora un apartado específico para definir o proceso e criterios de avaliación do alumnado con módulos pendentes.
- **Memorias finais: do módulo e do departamentos.** Elaboración da memoria final do modulo e do departamento (pendente de implementar).
- **Menú navegación adicional.** Facilita desprazarse entre apartados permitindo manter a unidade formativa, a unidade didáctica e a actividade seleccionada durante o deseño da programación.



PROENS

- **Eliminación do mínimos esixibles.** Non é preciso indicar mínimos esixibles en cada unidade didáctica. Opcionalmente poderase incorporar no apartado de criterios de avaliación e recuperación.
- **Eliminación do nivel de tarefa.**
- **Os Recursos, os resultados ou os produtos** pasan a estar asociados ás actividades.
- **No curso 2025-2026.** Utilizarase en todas as ensinanzas de FP (graos D e E) derivados da Lei 3/2021.

Seguirase utilizando a anterior aplicación nas ensinanzas que sigan currículos anteriores a Lei 3/2021: segundos e terceiros cursos de Proxectos de FP Dual intensiva, iniciados no curso 2024-2025 ou no 2023-2024.

TRANSICIÓN ENTRE APLICACIONES

- O procedemento de elaboración das programación en PROENS será moi similar ao existente ata o momento.
- Será posible acceder e recuperar a información das programacións realizadas en cursos previos.
- Realizaranse accións formativas para o profesorado: [G2502024 - Uso de PROENS para elaboración de programacións de FP. Do 15/09/2025 ao 22/09/2025.](#)
- Existe un manual de uso de PROENS e outra documentación de apoio: <https://www.edu.xunta.gal/proens>
- No curso 2025-2026, flexibilizaranse os prazos de elaboración e de entrega das programacións.

CURRÍCULOS

A maioría dos currículos dos módulos manteñen os RA, os CA e os contidos dos cursos previos, aínda que poden existir pequenas modificacións que non afectan ao deseño da programación.

- ➔ Os seguintes títulos conteñen modificacións nos RA, nos CA ou nos contidos (foron modificados nos reais decretos que se indican).

Familia profesional de Agraria (RD 403/2023)

- ➔ Técnico Superior en Xestión Forestal e do Medio Natural

Familia profesional de Artes Gráficas (RD 404/2023)

- ➔ Técnico en Preimpresión Dixital.
- ➔ Técnico Superior en Deseño e Edición de Publicacións Impresas e Multimedia.
- ➔ Técnico Superior en Deseño e Xestión da Producción Gráfica

Familia profesional de Edificación (RD 402/2023)

- ➔ Técnico Superior en Proxectos de Edificación.

Familia profesional de Electricidade e Electrónica (RD 401/2023)

- ➔ Técnico Superior en Automatización e Robótica Industrial.
- ➔ Técnico Superior en Mantemento Electrónico.
- ➔ Técnico Superior en Sistemas Electrotécnicos e Automatizados.

Familia profesional de Informática e Comunicacións (RD 405/2023)

- ➔ Técnico Superior en Desenvolvemento de Aplicacións Multiplataforma.
- ➔ Técnico Superior en Desenvolvemento de Aplicacións Web.

Familia profesional de Instalación e Mantemento (RD 288/2023)

- ➔ Técnico en Mantemento Electromecánico.
- ➔ Técnico Superior en Mecatrónica Industrial.

Familia profesional de Química (RD 290/2023)

- ➔ Técnico en Operacións de Laboratorio.
- ➔ Técnico en Planta Química.
- ➔ Técnico Superior en Laboratorio de Análises e de Control de Calidade.

Familia profesional de Sanidade (RD 287/2023)

- ➔ Técnico en Emerxencias Sanitarias.
- ➔ Técnico en Farmacia e Parafarmacia.
- ➔ Técnico Superior en Audioloxía Protésica.
- ➔ Técnico Superior en Próteses Dentais.

Familia profesional de Servizos Socioculturais e a Comunidade (RD 289/2023)

- ➔ Técnico Superior en Integración Social.
- ➔ Técnico Superior en Mediación Comunicativa.



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN,
CIENCIA, UNIVERSIDADES E
FORMACIÓN PROFESIONAL



FORMACIÓN
PROFESIONAL

PRIMEIROS PASOS CON PROENS

PRIMEIROS PASOS CON PROENS. Pantalla de inicio

- A aplicación PROENS é unha aplicación web, é dicir, alóxase nun servidor remoto que é accesible desde os nosos equipamentos usando un navegador calquera (Firefox, Chrome...), a través do enderezo <https://www.edu.xunta.es/proens/>



The screenshot shows the PROENS web application interface. At the top, there is a header with the word "Proens" on the left, a menu icon (three horizontal lines) in the center, and three icons (a person, scales, and a document) on the right, followed by a power icon. Below the header, there is a sidebar on the left with the following links: "Inicio" (underlined), "Buzón de informes", and "Acceso público". The main content area is titled "Inicio" and is divided into two columns. The left column is titled "Infantil, Primaria, ESO e Bacharelato" and contains two sections: "Currículos e normativa:" with a link to "Guía da LOMLOE", and "Documentos de axuda:" with a list of links: "Manual de axuda para a elaboración da concreción curricular", "Manual de axuda para a elaboración de programacións didácticas", "Manual de axuda da aplicación Proens (completo)", "O currículo galego", "Configuración do boletín informativo de avaliación de educación infantil (pdf)", and "Configuración do boletín informativo de avaliación de educación infantil en Proens e Xade (vídeo tutorial)". The right column is titled "Formación Profesional" and contains a section "Documentos de axuda:" with a link to "Manual de axuda para a elaboración de programacións de Formación profesional con PROENS".

PRIMEIROS PASOS CON PROENS. Identificación do usuario


- Premendo na icona verde de entrada da parte superior dereita  a aplicación presenta a páxina de identificación do usuario, na que debe introducir o seu nome de usuario do correo de educación (conta de usuario) e o correspondente contrasinal. Tamén pode usar Chave 365 escollendo esa opción no despregable, ou con certificado dixital.



The screenshot shows the PROENS login interface. The title 'PROENS' is at the top. Below it, the heading 'Identifíquese' is followed by three input fields: 'Usuario de educación' (a dropdown menu), 'Conta de usuario (sen @edu.xunta.gal)', and 'Contrasinal'. Each field has a blue 'Entrar' button below it. Below the login fields, there is a link 'Ou entre con certificado dixital' with another blue 'Entrar' button. At the bottom, there are links for 'Contacto' and 'Axuda'. The right side of the page has a blue background with a large white icon of a book with a bookmark. At the bottom right, it shows the Xunta de Galicia logo and the text 'CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL', followed by 'Servizo prestado pola Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional Xunta de Galicia'.

PRIMEIROS PASOS CON PROENS. Pantalla inicial e menú

- Unha vez identificados na aplicación, preséntase a páxina inicial que permite seleccionar a operación que se desexe realizar. Dependendo do perfil de usuario, a aplicación ha presentar un conxunto de opcións.



**Non cubrir os menús de Concreción curricular
e Avaliación de competencias.**

SUBMENÚ DE PROGRAMACIONES

- Premendo en Programacións, no menú do lateral esquerdo, para o perfil de usuario/a docente hai dúas opcións:
- ➔ **Elaboración:** para elaborar as programacións dos módulos correspondentes.
 - ➔ **Seguimento:** para realizar o seguimento das programacións dos módulos que imparte cada docente.

Inicio
Programacións
Elaboración
Seguimento
Concreción curricular
Avaliación competencias
Buzón de informes
Acceso público

Busca de programacións

Nesta pantalla poderá consultar as súas programacións. Poderá ver as programacións correspondentes ás materias que imparte en algún grupo (grupos nos que conste asociado en XADE)

Filtros para a busca

Ano académico
2024/2025
Centro
IES As Fontiñas (Santiago de Compostela - A Coruña)

Tipo de programación
Programación LOOIFP

Buscar
Limpar

Tipo de programación	Grupo	Tipo de oferta	Materia/Módulo/Ámbito	Versión	Curso/Ciclo formativo	Tipo de versión	Data última modificación	Estado	Modalidade	Opcións
Non se atoparon elementos.										

No caso dos/das xefes/as de departamento ou do equipo directivo adicionalmente figurará a opción, Supervisión.



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN,
CIENCIA, UNIVERSIDADES E
FORMACIÓN PROFESIONAL



FORMACIÓN
PROFESIONAL

PROGRAMACIÓN DE CENTRO

ELABORACIÓN OU CONSULTA DUNHA PROGRAMACIÓN

- Premendo en **Elaboración**, teremos acceso á pantalla de **Busca de programación**:

Busca de programación

Nesta pantalla poderá consultar as súas programacións. Poderá ver as programacións correspondentes ás materias que imparte en algún grupo (grupos nos que conste asociado en XADE).

[FP: Accións dispoñíbles nas programacións LOOIFP.](#)

Filtros para a busca

Ano académico	Centro	Tipo de programación
2025/2026 ▼	IES As Fontiñas (Santiago de Compostela - A Coruña) ▼	Programación LOOIFP ▼
Buscar	Limpar	

Nos filtros para a busca escollerase como Tipo de programación o tipo Programación LOOIFP.

ELABORACIÓN, MODIFICACIÓN OU CONSULTA DUNHA PROGRAMACIÓN

-  Ao premer o botón laranxa **Buscar**, listaranse os módulos/ámbitos nos que a/o docente teña atribución para realizar a programación (**dato importado de Xade**: ao inicio de cada curso académico os centros deben realizar en Xade a configuración do profesorado encargado de impartir o módulo/ámbito e a través do menú Alumnado > Grupos > Grupos simples > Materias). **Sen esta asignación realizada en Xade non é posible realizar unha programación.**

Busca de programacións

Nesta pantalla poderá consultar as súas programacións. Poderá ver as programacións correspondentes ás materias que imparte en algún grupo (grupos nos que conste asociado en XADE).

FP: [Accións dispoñibles nas programacións LOOIFP.](#)

Filtros para a busca

Ano académico
2025/2026

Centro
IES As Fontiñas (Santiago de Compostela - A Coruña)


Tipo de programación
Programación LOOIFP

Buscar
Limp

4 elementos atopados, amosando todos os elementos.

Tipo de programación	Grupo	Tipo de oferta	Materia/Módulo/Ámbito	Versión	Curso/Ciclo formativo	Tipo de versión	Data última modificación	Estado	Modalidade	Informes	Opcións
Programación LOOIFP	A	Réxime xeral-ordinario	MP0655 - Xestión loxística e comercial	1	D3ADG0001 (GS) - Administración e finanzas	Oficial	05/08/2025	Pechada	Presencial		
Programación LOOIFP	A	Réxime xeral-ordinario	MP0655 - Xestión loxística e comercial	2	D3ADG0001 (GS) - Administración e finanzas	Borrador	05/08/2025	En elaboración	Presencial		
Programación LOOIFP	A	Réxime xeral-ordinario	MP0663 - Xestión avanzada da información	1	D3ADG0002 (GS) - Asistencia á dirección	Oficial	06/08/2025	Lista para pechar	Presencial		
Programación LOOIFP	A	Réxime xeral-ordinario	MP0663 - Xestión avanzada da información	2	D3ADG0002 (GS) - Asistencia á dirección	Oficial	05/08/2025	En elaboración	Presencial		

ELABORACIÓN, MODIFICACIÓN OU CONSULTA DUNHA PROGRAMACIÓN




Para cada programación veremos a seguinte información:

- **Tipo de programación:** sempre figurará Programación LOOIFP.
- **Grupo:** código do grupo, dato importado de Xade.
- **Oferta:** fai referencia ao tipo de oferta e réxime do grupo para o que se elabora a programación, dato importado de Xade.
- **Materia/módulo/ámbito.**
- **Versión:** número de versión da programación que se está a elaborar. **Novo.**
- **Tipo de versión:** pode ser Oficial ou Borrador. **Novo.**
- **Ciclo formativo.**
- **Data da última modificación.**
- **Estado:**
 - **Sen elaborar:** non se iniciou a elaboración da programación nin se creou ningunha versión.
 - **En elaboración:** creouse unha versión para iniciar a programación.
 - **Lista para pechar:** a información achegada en todas as pantallas cumpre os criterios de formato de validación da aplicación.
 - **Pechada:** o/a docente dá por entregada a programación de centro, e así pódese iniciar a fase de seguimento. Neste estado iníciase tamén a fase de supervisión.
- **Modalidade.**
- **Informes:** permite crear un documento pdf coa programación completa ou a versión para o alumnado.
- **Opcións:** amósanse as opcións dispoñibles para cada programación, que van depender do estado en que se atope. Pódese escoller unha das seguintes (ver na seguinte pantalla/páxina):

ELABORACIÓN, MODIFICACIÓN OU CONSULTA DUNHA PROGRAMACIÓN.

Opcións

	Crear: permite dar de alta unha programación aínda non elaborada (versión 1) ou, se xa existe unha programación do módulo en estado en elaboración, dar de alta unha nova versión. Unha vez pechada a programación esta opción desaparece.
	Crear borrador; permite crear unha nova versión en modo borrador para a empregar como base o curso seguinte. Esta opción aparece unha vez pechada a programación.
	Modificar: permite a edición da programación. Ao pechar a programación definitiva, desaparece esta opción para a devandita versión.
	Ver detalle: presenta a información da programación elaborada ata o momento, pero sen poder modificar.
	Xerar informe: remite á caixa de informes para xerar un pdf coa programación completa.
	Xerar informe alumnado: remite á caixa de informes para xerar un pdf coa versión da programación para o alumnado.
	Crear programación de empresa: permite crear a(s) programación(s) de empresa asociada(s) á programación do módulo.

ALTA DUNHA NOVA PROGRAMACIÓN

- Ao premer o botón **Crear**  na pantalla de Busca de programacións, amosarase a pantalla de Alta Programación LOOIFP.

Alta Programación LOOIFP

Nesta pantalla poderá dar de alta programacións. Bastará con seleccionar o tipo de programación que vai a crear e premer en gardar.

Datos da programación

Centro

IES As Fontiñas (Santiago de Compostela - A Coruña) (15027058)

Ano académico

2025/2026

Grupo

A

Tipo de oferta

Réxime xeral-ordinario

Modalidade

Presencial

Estado

Sen elaborar

Data de alta

05/08/2025

Tipo de versión

Oficial

Réxime dual

Xeral

Ensinanza	Curso/Ciclo formativo	Materia/Módulo/Ámbito	Sesións semanais	Horas anuais	Duración da sesión	Sesións anuais	Sesións no centro
Graos D: Ciclos formativos	D3ADG0002 (GS) - Asistencia á dirección	MP0663 - Xestión avanzada da información (2º)		248	50	298	155

Crear

Volver

Crear unha nova versión sen datos

Opcións

- ☒ Crear unha nova versión sen datos da Programación LOOIFP
- ☐ Crear programación "tipo" de LOOIFP (crea unha programación nova cunha unidade didáctica por cada resultado de aprendizaxe definido no currículo)

ALTA DUNHA NOVA PROGRAMACIÓN.


➔ Na parte central da pantalla aparece a información da duración do módulo ou ámbito e das sesións.

Ensinanza	Curso/Ciclo formativo	Materia/Módulo/Ámbito	Sesións semanais	Horas anuais	Duración da sesión	Sesións anuais	Sesións no centro
Graos D: Ciclos formativos	D3ADG0002 (GS) - Asistencia á dirección	MP0663 - Xestión avanzada da información (2º)		248	50 ▼	298	155

- ➔ **Número de sesións semanais**, que se debe completar.
- ➔ **Horas anuais do módulo**.
- ➔ **Duración das sesións**: será de 50 ou 60 minutos. Aparece por defecto pero é modificable.
- ➔ **Sesións anuais**, calculado en función das horas anuais e da duración das sesións.
- ➔ **Sesións no centro**, calculado en función das sesións anuais e do período de formación na empresa, que pola súa vez depende do tipo de oferta, do réxime e do curso. Poderase modificar para o axustar ao período real de formación no centro educativo.

ALTA DUNHA NOVA PROGRAMACIÓN.

- Na parte inferior da pantalla terase que indicar como se vai crear a programación.
 - ➔ **Crear unha nova versión sen datos da Programación LOOIFP.**
 - ➔ **Crear automaticamente unha programación Tipo de LOOIFP.** Crea unha programación tipo estándar cunha unidade didáctica por cada resultado de aprendizaxe definido no currículo. Posteriormente o/a docente poderá modificar, engadir ou eliminar unidades didácticas, e adaptar esta programación aos seus intereses.



- A partir do curso 2026-2027
 - ➔ Crear unha nova versión da programación a partir das programacións elaboradas previamente no centro educativo.
 - ➔ Crear unha nova versión da programación a partir das programacións elaboradas polo docente, tanto pechadas como en fase borrador de cursos anteriores.

ELABORACIÓN DA PROGRAMACIÓN DE CENTRO.

Datos da programación.



Unha vez dada de alta ou accedendo desde a pantalla de Busca de programacións premendo no botón **Modificar** , accédese á pantalla Datos da programación.

Na parte inferior amósase a relación de apartados ou elementos para completar. Os apartados da programación con asterisco (*) son de elaboración obrigatoria. Para cada un deles amosarase o seu estado e darase acceso ás opcións dispoñibles. Os posibles estados son os seguintes (ver seguinte pantalla):

Modificar Programación

Nesta pantalla pode consultar toda a información da programación así como o detalle de elementos que a conforman. Poderá acceder ao detalle de cada elemento premendo nos enlaces dispoñibles na táboa.

Datos da programación

Centro	Ano académico		Grupo	Tipo de oferta	Modalidade				
IES As Fontiñas (Santiago de Compostela - A Coruña) (15027058)	2024/2025		A	Réxime xeral-ordinario	Presencial				
Estado	Data de alta	Data última modificación	Versión	Tipo de versión	Réxime dual				
En elaboración	10/06/2025	27/06/2025	1	Oficial	Xeral				
Ensinanza	Curso/Ciclo formativo	Materia/Módulo/Ámbito			Sesións semanais	Horas anuais	Duración da sesión	Sesións anuais	Sesións no centro
Graos D: Ciclos formativos	D3ADG0002 (GS) - Asistencia á dirección	MP0663 - Xestión avanzada da información (1º)			9	248	50	298	155

[Gardar](#) [Eliminar](#) [Pegar](#) [Validar](#) [Vista Preliminar](#) [Volver](#)

Elementos	Estado	Opcións
* 1.1. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo.	Elaborado	Q E
* 2.1. Relación e secuencia de unidades didácticas	Elaborado	Q E
* 2.2. Asignación de elementos curriculares ás unidades didácticas.	Con erros	Q E
* 3.1. Deseño das unidades didácticas: relación e secuencia de actividades	Elaborado	Q E
* 3.2. Deseño das unidades didácticas: asignación de elementos curriculares ás actividades.	Con erros	Q E
* 3.3. Deseño das unidades didácticas: avaliación	Elaborado	Q E
* 4.1. Deseño das actividades.	Elaborado	Q E
* 5.1. Procedemento de avaliación inicial.	Elaborado	Q E
* 6.1. Criterios de cualificación e recuperación	Elaborado	Q E
* 6.2. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	Elaborado	Q E
* 6.3. Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito á avaliación continua	Elaborado	Q E
* 7.1. Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados.	Elaborado	Q E
* 8.1. Programación da educación en valores.	Elaborado	Q E
* 9.1. Actividades complementarias e extraescolares.	Elaborado	Q E
* 10.1. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente.	En elaboración	Q E
11.1. Outros apartados.	Elaborado	Q E

ELABORACIÓN DA PROGRAMACIÓN DE CENTRO.

Estados da programación

Sen elaborar	Aínda non hai datos introducidos.
En elaboración	Hai datos gardados, pero aínda non se validaron.
Elaborado	Os datos gardados están correctamente validados. Esta acción é reversible.
Con erros	Os datos gardados conteñen erros.

ELABORACIÓN DA PROGRAMACIÓN DE CENTRO. Validación

- O botón Validar permite validar que sexan correctos os datos contidos en todos os apartados da programación que figuren “en elaboración”. Estas validacións son as mesmas que se poden realizar individualmente en cada apartado da programación. Usarase tipicamente antes de pechar a programación, para verificar que todo estea correcto.
 - ➔ Se a validación é correcta ha aparecer un cadro verde na parte superior, sobre o cadro azul, coa mensaxe **Operación realizada con éxito.**
 - ➔ En caso de erro, na aplicación xorde a mensaxe **A programación non pasou as validacións** nun cadro vermello na parte superior, e na listaxe de elementos da programación aparecerá unha nova columna, Erros atopados, na que se detallarán os erros de cada apartado.

Ensinanza	Curso/Ciclo formativo	Materia/Módulo/Ámbito	Sesións semanais	Horas anuais	Duración da sesión	Sesións anuais	no centro
Graos D: Ciclos formativos	D3ADG0002 (GS) - Asistencia á dirección	MP0663 - Xestión avanzada da información (1º)	9	248	50	298	155

Gardar
Eliminar
Pechar
Validar
Vista Preliminar
Volver


Elementos	Estado	Erros atopados	Opcións
1.1. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo.	Elaborado		 
2.1. Relación e secuencia de unidades didácticas	Elaborado		 

-Hai elementos do currículo da materia que non foron relacionados
 --CA1.1 Elaborouse unha proposta de xestión administrativa dun proxecto acorde cos obxectivos que se pretendan con el
 --CA1.2 Definíronse as tarefas que cumpran levar a cabo relacionadas co

ELABORACIÓN DA PROGRAMACIÓN DE CENTRO.

Apartado 1.1 Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo.

- Cubriranse os datos no editor de texto



The screenshot shows a web interface for curriculum elaboration. At the top, the title is "1. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo?". Below the title is a tab labeled "Datos da programación" with a right-pointing arrow. To the right of this tab is a dropdown menu titled "Ir ao apartado" with the same title and a right-pointing arrow. Below the tab and dropdown is a large text editor area. At the bottom of the interface are three buttons: "Gardar", "Validar E Gardar", and "Volver".

Annotations:

- Red arrow pointing to the "Datos da programación" tab: "Despregable para consultar os datos da programación durante o proceso de edición"
- Red arrow pointing to the "Ir ao apartado" dropdown: "Despregable para consultar e seleccionar os diferentes apartados da programación e /ou ir a o anterior ou ao seguinte"
- Red box around the text editor: "Editor de texto para redactar o contido deste apartado"

Caracteres (con HTML): 2168

O botón **Validar e gardar** permite gardar os datos e ademais validar que sexan correctos.

Se todo é correcto o apartado pasa a estado "Elaborado".

Para poder facer cambios é necesario poñelo de novo en "Elaboración".

ELABORACIÓN DA PROGRAMACIÓN DE CENTRO.

Apartado 2.1 Relación e secuencia de unidades didácticas.

Para cada UD habrá que indicar o seu nome, a descrición (opcional), o número de sesións e o peso.

A suma dos pesos das UC debe ser igual a 100.

2.1. Relación e secuencia de unidades didácticas?

Ir ao apartado

2.1. Relación e secuencia de unidades didácticas

Datos da programación

Centro

IES As Fontiñas (Santiago de Compostela - A Coruña) (15027058)

Ano académico

2025/2026

Grupo

A

Tipo de oferta

Réxime xeral-ordinario

Modalidade

Presencial

Estado

En elaboración

Data de alta

05/08/2025

Data última modificación

05/08/2025

Versión

1

Tipo de versión

Oficial

Réxime dual

Xeral

Identificador

Ensinanza	Curso/Ciclo formativo	Materia/Módulo/Ámbito	Sesións semanais anuais	Horas	Duración da sesión	Sesións anuais	Sesións no centro
Graos D: Ciclos formativos	D3ADG0002 (GS) - Asistencia á dirección	MP0663 - Xestión avanzada da información (2º)	9	248	50	298	155

Currículo da materia

Despregar para consultar datos do currículo da materia: RA

Secuencia	* Título da UD	Descrición	*Nº de sesións	*% Peso na materia	Opcións
1	Xestión de proxectos con aplicacións de control	Esta unidade céntrase na planificación, seguimento e conxrol de proxectos administrativos mediante ferramentas específicas, O obxectivo é que o alumnado	25	15	↓ ↑ 🗑️
2	Elaboración de documentos ofimáticos integrados (I)	Nesta unidade introdúcese o uso avanzado de procesadores de texto e follas de cálculo para a creación de patróns e automatizacións dos procesos	35	24	↓ ↑ 🗑️
3	Elaboración de documentos ofimáticos integrados (II)	Profundízase na creación de documentos complexos, incuñindo combinación de correspondencia, publicación e integración de recurso web.	35	25	↓ ↑ 🗑️
4	Creación de contidos audiovisuais	Esta unidade aborda a produción de contidos audiovisuais, dende a planificación ata a edición e difusión empregando ferramentas dixitais	20	12	↓ ↑ 🗑️
5	Ferramentas web 2.0 na xestión empresarial	Explóranse aplicacións colaborativas e de comunicación baseadas na web para a xestión eficiente de tarefas empresariais	20	12	↓ ↑ 🗑️
6	Administración documental con Sistemas de Xestión Documental (SXD)	Introduce os sistemas de xestión documental (SXD) e os procesos de dixitalización, almacenamento e recuperación segura da información	20	12	↓ ↑ 🗑️

Engadir

Gardar

Validar E Gardar

Volver

ELABORACIÓN DA PROGRAMACIÓN DE CENTRO.

Apartado 2.2 Asignación de elementos curriculares ás unidades didácticas (1/4)

- Para cada UD habrá que indicar os resultados de aprendizaxe, os criterios de avaliación, os bloques de contidos e os contidos que se van traballar.

2.2. Distribución currículo nas unidades didácticas 

[Ir ao apartado](#)

[2.2. Distribución currículo nas unidades didácticas](#)

[Datos da programación](#)  Despregables para comprobar datos xa editados da programación ou das UD

[Unidades didácticas](#)  Seleccionando nas diferentes opcións de abaixo modifícase a aparencia da estrutura dos datos a introducir

Resultado aprendizaxe: RA1. Xestiona as facetas administrativas de proxectos emp 

Bloque de contidos: -- Seleccione un elemento -- 

Unidades didácticas: ☐ UD 1 ☐ UD 2 ☐ UD 3 ☐ UD 4 ☐ UD 5 ☐ UD 6

Criterios de avaliación

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Todas	Opcións
RA1. Xestiona as facetas administrativas de proxectos empresariais administrando recursos mediante unha aplicación específica de control	☒	☐	☐	☐	☐	☐	☐	
CA1.1 - Elaborouse unha proposta de xestión administrativa dun proxecto acorde cos obxectivos que se pretendan con el	☒	☐	☐	☐	☐	☐	☐	
CA1.2 - Definíronse as tarefas que cumpra levar a cabo relacionadas co soporte administrativo do proxecto	☒	☐	☐	☐	☐	☐	☐	
CA1.3 - Identifícaronse as actividades, tarefas e prazos de entrega ou finalización de cada fase dos proxectos	☒	☐	☐	☐	☐	☐	☐	
CA1.4 - Xestionáronse os recursos, os requisitos (tempos, custos, calidade e recursos humanos) e os riscos derivados do proxecto	☒	☐	☐	☐	☐	☐	☐	
CA1.5 - Supervisouse e revisouse cada fase do proxecto	☒	☐	☐	☐	☐	☐	☐	
CA1.6 - Estableceuse a estrutura organizativa asignando os papéis e as responsabilidades	☒	☐	☐	☐	☐	☐	☐	
CA1.7 - Redactáronse e presentáronse Informes aos diversos axentes Interesados no proxecto (stakeholders)	☒	☐	☐	☐	☐	☐	☐	

A icona  permite crear **subcriterios de avaliación** (aparecerán en cor vermella).

ELABORACIÓN DA PROGRAMACIÓN DE CENTRO.

Apartado 2.2 Asignación de elementos curriculares ás unidades didácticas (2/4)

RA2. Elabora documentos integrando textos, datos, imaxes e gráficos a través das aplicacións informáticas axeitadas	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Todas	Opcións
	☐	☒	☐	☐	☐	☐		
CA2.1 - Determinouse o tipo de aplicación ofimática necesaria para a elaboración e a presentación de documentos	☐	☒	☐	☐	☐	☐	☐	+
CA2.2 - Elaboráronse patróns específicos adaptados ao tipo de documento que se vaia elaborar	☐	☒	☐	☐	☐	☐	☐	+
CA2.2.1 Elaboráronse patróns específicos en editores de textos	☐	☒	☐	☐	☐	☐	☐	↓ ↑ 🗑
CA2.2.2 Elaboráronse patróns específicos en follas de cálculo	☐	☒	☐	☐	☐	☐	☐	↓ ↑ 🗑
CA2.3 - Realizáronse as macros adecuadas para a automatización de traballos repetitivos	☐	☒	☐	☐	☐	☐	☐	+

A **icona**  permite crear **subcriterios de avaliación** (aparecerán en cor vermella).

As frechas cara a arriba ou cara a abaixo permiten mover de posición os subCA.

A icona da papeleira permite eliminar un subCA.

ELABORACIÓN DA PROGRAMACIÓN DE CENTRO.

Apartado 2.2 Asignación de elementos curriculares ás unidades didácticas (3/4)

Nas Opcións de cada BC, A **icona**  permite crear **contidos novos** (aparecerán en cor azul).

Bloque BC2. Elaboración de documentos mediante a integración de textos, datos, imaxes e gráficos	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Todas	Opcións 
C2.1 - Paquetes ofimáticos: uso integrado.	☐	☐	☐	☐	☐	☐	☐	
C2.2 - Patróns de traballo ofimático.	☐	☐	☐	☐	☐	☐	☐	
C2.3 - Automatización do traballo: macros.	☐	☐	☐	☐	☐	☐	☐	
C2.4 - Importación e exportación de datos a documentos.	☐	☐	☐	☐	☐	☐	☐	
C2.5 - Traballo con gráficos.	☐	☐	☐	☐	☐	☐	☐	
C2.6 - Web como fonte de recursos.	☐	☐	☐	☐	☐	☐	☐	
C2.7 - Transferencia da información.	☐	☐	☐	☐	☐	☐	☐	
C2.8 - Revisión do documento final.	☐	☐	☐	☐	☐	☐	☐	
C2.9 - Presentación e publicación do documento final.	☐	☐	☐	☐	☐	☐	☐	
C2.10 Contido novo	☐	☐	☐	☐	☐	☐	☐	

Nas Opcións de cada contido, A **icona**  permite crear **subcontidos novos** (aparecerán en cor vermella).

Bloque BC2. Elaboración de documentos mediante a integración de textos, datos, imaxes e gráficos	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Todas	Opcións 
C2.1 - Paquetes ofimáticos: uso integrado.	☐	☒	☐	☐	☐	☐	☐	
C2.2 - Patróns de traballo ofimático.	☐	☒	☐	☐	☐	☐	☐	
C2.2.1	☐	☐	☐	☐	☐	☐	☐	  
C2.3 - Automatización do traballo: macros.	☐	☒	☐	☐	☐	☐	☐	
C2.4 - Importación e exportación de datos a documentos.	☐	☒	☐	☐	☐	☐	☐	

ELABORACIÓN DA PROGRAMACIÓN DE CENTRO.

Apartado 2.2 Asignación de elementos curriculares ás unidades didácticas (4/4)

- O botón Engadir bloque de contidos permite crear un novo bloque de contidos, que se engadirán ao final da listaxe:

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	Todas	Opcións +
Bloque BC5. Administración de documentos mediante un sistema de xestión documental (SXD)	☐	☐	☐	☐	☒		
C5.1 - Concepto de xestión documental.	☐	☐	☐	☐	☒	☐	+
C5.2 - Elementos dun sistema de xestión documental.	☐	☐	☐	☐	☒	☐	+
C5.3 - Conversión dixital de documentos.	☐	☐	☐	☐	☒	☐	+
C5.4 - Procesos e control da xestión documental.	☐	☐	☐	☐	☒	☐	+
C5.5 - Almacenamento da información.	☐	☐	☐	☐	☒	☐	+
C5.6 - Sistemas de clasificación de documentos en SXD.	☐	☐	☐	☐	☒	☐	+
C5.7 - Creación de copias de seguridade.	☐	☐	☐	☐	☒	☐	+
C5.8 - Aspectos legais da xestión documental.	☐	☐	☐	☐	☒	☐	+
Bloque BC6	☐	☐	☐	☐	☐		+
C6.1	☐	☐	☐	☐	☐	☐	

Engadir Bloque De Contidos
Gardar
Validar E Gardar
Volver

ELABORACIÓN DA PROGRAMACIÓN DE CENTRO.

Apartado 3.1 Deseño das unidades didácticas: relación e secuencia de actividades

- Deberase seleccionar no desplegable Unidade didáctica a UD que se estea a deseñar:

3.1. Deseño das unidades didácticas: relación e secuencia de actividades 

[Ir ao apartado](#)

3.1. Deseño das unidades didácticas: relación e secuencia de : ▼

[Datos da programación](#) ▶

[Datos da unidade didáctica](#) ▶

Unidade didáctica

1 Xestión e administración de proxectos mediante aplicacións de control (24 sesións ▼)

Despregables para consultar a información xa editada

Secuencia	* Título	* Descrición	* Nº de sesións	Opcións
1	Deseño dun proxecto empresarial con software de control	Trátase de deseñar un proxecto administrativo, como pode ser a apertura dunha nova oficina ou a organización dun congreso, utilizando un software específico	12	↓ ↑ 🗑️
2	Seguimento e avaliación de proxectos simulados	Realización do seguimento das fases dun proxecto xa deseñado, controlando desviacións e elaborando informes para os stakeholders	12	↓ ↑ 🗑️

Gardar Engadir Validar E Gardar Volver

Para cada actividade haberá que indicar o seu título, a descrición e o número de sesións.

ELABORACIÓN DA PROGRAMACIÓN DE CENTRO.

Apartado 3.2 Deseño das unidades didácticas: asignación de elementos curriculares ás actividades.

- Para cada actividade da UD, indicarse os criterios de avaliación e os contidos que se van traballar. Deberase seleccionar no despregable “Unidade didáctica” a UD que se estea a deseñar.
- A continuación amosa os CA e os contidos da UD seleccionada.
Para indicar en que actividade se traballará cada CA ou contido, marcaranse as caixas de verificación que cruzan cada CA ou contido con cada actividade da UD.

3.2. Deseño das unidades didácticas: distribución do currículo nas actividades?

Ir ao apartado
3.2. Deseño das unidades didácticas: distribución do currículo

[Datos da programación](#)
[Actividades](#)

Despregables para ver datos xa elaborados

Unidade didáctica
1 Xestión e administración de proxectos mediante aplicacións de control (24 sesión)

Selección da UD

GardarValidar E GardarVolver

	Criterios de avaliación	
	A1	A2
CA1.1 Elaborouse unha proposta de xestión administrativa dun proxecto acorde cos obxectivos que se pretendan con el	☒	☐
CA1.2 Definíronse as tarefas que cumpra levar a cabo relacionadas co soporte administrativo do proxecto	☒	☐
CA1.3 Identificáronse as actividades, tarefas e prazos de entrega ou finalización de cada fase dos proxectos	☒	☐
CA1.4 Xestionáronse os recursos, os requisitos (tempos, custos, calidade e recursos humanos) e os riscos derivados do proxecto	☒	☐
CA1.5 Supervisouse e revisouse cada fase do proxecto	☐	☒
CA1.6 Estableceuse a estrutura organizativa asignando os papeis e as responsabilidades	☐	☒
CA1.7 Redactáronse e presentáronse informes aos diversos axentes interesados no proxecto (stakeholders)	☐	☒

	Contidos	
	A1	A2
C1.1 Proxecto: concepto de project management.	☒	☐
C1.2 Organización do proxecto.	☒	☐
C1.3 Planificación do proxecto.	☒	☐
C1.4 Risco nos proxectos.	☐	☐
C1.5 Programación do proxecto: introdución de tarefas, relacións entre elas e asignación de recursos.	☒	☐
C1.6 Seguimento e control de proxecto.	☐	☐
C1.7 Presentación de resultados: informes e gráficos	☐	☐

GardarValidar E GardarVolver

ELABORACIÓN DA PROGRAMACIÓN DE CENTRO.

Apartado 3.3 Deseño das unidades didácticas: avaliación

- Para cada UD habrá que indicar, como se avalían os CA que teña asociados.
- Deberase seleccionar no despregable Unidade didáctica a UD que se estea a deseñar.
